Juan Domingo De Deus Fontcoba (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 19/11/2025
HASH: 939c506ce72dff834cd090988efa418de

Concello de Mugardos
(A Coruña)

Extracto del Acuerdo de la resolución 1441 del 18/11/2025 por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de ayudas a las familias para la compra de regalos de Navidad 2025

"De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (http:/www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

BENEFICIARIOS/AS E REQUISITOS

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir o seguintes requisitos:

1 .Estar empadroada/o no Concello de Mugardos e ter á súa custodia fillos ou fillas menores de 13 anos (non ter cumpridos 13 anos o día 6/01/2026, para os/as que se solicitará a axuda.)

2. Que a renda per cápita familiar non supere o 80% do IPREM.

3 .Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. O procedemento de concorrencia non competitiva baséase na finalidade destas subvencións, que teñen como obxecto que os nenos e nenas das familias cun menor nivel de recursos económicos poidan desfrutar dun agasallo nas datas de Nadal. Trátase dunha axuda de pago único anual ás familias que cumpran os requisitos de acceso aquí establecidos para a adquisición dos regalos de Nadal para os/as seus fillos e fillas, que estando en convivencia cos/cas solicitantes, non teñan 13 anos cumpridos o 6 de xaneiro de 2026.

BASES REGULADORAS

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n°183 de 25.09.2013.

CONCEPTOS SUBVENCIONABEIS E CONTÍA .

Coas subvencións cubriranse os gastos derivados da adquisición de regalos para o Nadal 2025, tales como, xoguetes, xogos educativos, libros, e/ou material necesario para práctica dalgunha das actividades culturais e deportivas (por exemplo, patíns, equipamento para natación, instrumento musical, etc.), que se correspondan coa idade do/a menor ao que vai dirixida a axuda e nos termos establecidos nas presentes bases.

O Concello de Mugardos concederá os vales ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases, nos seguintes importes por familia segundo os/as menores de 13 anos que a compoñan:

Número de nenos/as na unidade familiar menores de 13 anos	**Importe da axuda para a familia**
1	50 €
2	100 €
3	150 €

Cod. Validación: 7EFP92CA92M54LZTFWXJNMPK3
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

4	160 €
5	200 €
6	240 €

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Mugardos, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de solicitude será de **5 días hábiles** a partir do día seguinte ó da publicacion das presentes bases no BOP vía BDNS.

O Alcalde o **19/11/2025** tal e como se indica no papel da firma.

Cod. Validación: 7EFP92CA92M54LZTFWXJNMPK3
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2